

Solicitar e anular formación na Oficina Virtual de Emprego

1




Accede á **oficina virtual** co teu usuario e contrasinal.

Se non o tes ou esqueches o teu contrasinal, podes xerar un ou resetealo empregando o enderezo electrónico asociado á túa demanda de emprego.

Tamén podes acceder con DNI-e, certificado dixital ou Mobile Connect (só Movistar).

2


Arriba á dereita atoparás tres lapelas, preme na que pon **demandantes**.



Oficina Virtual de Emprego

<https://emprego.xunta.gal/ofivir>

3



No apartado **formación para o emprego** poderás consultar as accións formativas que cada día temos publicadas no Portal de Emprego de Galicia.

Podes filtrar por **situación laboral** requirida, por **tipo de formación**, **modalidade de impartición** ou buscar se os cursos teñen unha porcentaxe de **compromiso de contratación**.


Tamén podes consultar por **provincia e/ou localidade**.

4

Se che interesa algún curso podes solicitalo premendo en **pre-inscribirse**.

Lembra que o acceso a algún curso pode ter uns requisitos académicos mínimos. Asegúrate de que os cumpres.

Despois de solicitar o curso, é recomendable contactar coa entidade impartidora.



Oficina Virtual de Emprego

<https://emprego.xunta.gal/ofivir>

